

MBD/Ra/Af

D^a. María Beatriz del Cerro del Río, Secretaria Xeral da Deputación Provincial de Pontevedra

C E R T I F I C A:

Que na sesión ordinaria do Pleno celebrada pola Corporación Provincial o vinte e seis de xuño de dous mil vinte e seis, e segundo resulta do borrador da acta correspondente, e coa salvidade que establece o art. 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por RD 2568/1986, de 28 de novembro, adoptouse, entre outros, o seguinte acordo, que na súa parte dispositiva di:

“2.8673.- **APROBACIÓN DA CONTA XERAL CORRESPONDENTE Ó EXERCICIO 2025 (EXPTES. 2026035094-2026000743)**”

Unha vez formada pola Intervención a Conta Xeral da Deputación de Pontevedra correspondente ó exercicio 2025, reúnen as Deputadas e Deputados integrantes da Comisión Especial de Contas da Deputación Provincial de Pontevedra co obxecto de someter a informe da Comisión a Conta Xeral (nos termos establecidos no artigo 212.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais), que inclúe a conta da propia Deputación de Pontevedra, a da Escola Universitaria de Enfermería, a do Consorcio Provincial de Pontevedra para a Prestación do Servizo contra incendios e salvamento, a do Consorcio para o Servizo contra incendios e salvamento das Comarcas do Deza e Tabeirós-Terra de Montes, e a conta consolidada.

Resultando que a Conta Xeral da Deputación de Pontevedra do exercicio 2025, a consolidada, a da Escola Universitaria de Enfermería e a do Consorcio Provincial de Pontevedra para a Prestación do Servizo contra incendios e salvamento, é rendida polo Presidente da Deputación, e no caso do Consorcio para o Servizo contra incendios e salvamento das Comarcas do Deza e Tabeirós-Terra de Montes é rendida polo Presidente do Consorcio.

Resultando que a Comisión Especial de Contas na sesión celebrada o 22 de maio de 2026 acordou por maioría, cos votos a favor das Deputadas e Deputados do grupo provincial do Partido Popular, e a abstención das Deputadas e Deputados dos grupos provinciais do PSdeG-PSOE e do BNG, emitir informe favorable sobre o expediente da Conta Xeral da Deputación de Pontevedra correspondente ó exercicio de 2025, que inclúe tanto a conta consolidada, a da propia Deputación de Pontevedra, a da Escola Universitaria de Enfermería, a do Consorcio Provincial de Pontevedra para a Prestación do Servizo contra incendios e salvamento, e a do Consorcio para o Servizo contra incendios e salvamento das



Comarcas do Deza e Tabeirós-Terra de Montes, nos termos e coa documentación que consta nos expedientes CIVIDAS números 2026035094 e 2026000743.

Resultando que, en cumprimento co disposto no artigo 212.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, a Conta Xeral da Deputación de Pontevedra do exercicio 2025 foi exposta ó público a través dun anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra número 98, de data 26 de maio de 2026, por un prazo de quince días hábiles durante os cales as persoas interesadas podían presentar as reclamacións, reparos ou observacións que estimaran pertinentes ó citado expediente. Este prazo de exposición pública iniciouse o día 27 de maio de 2026, e finalizou o día 16 de xuño de 2026 (ambos inclusive).

Resultando que durante o prazo de exposición pública non tivo entrada no Rexistro electrónico da Deputación de Pontevedra ningunha reclamación, reparo ou observación ó expediente da Conta Xeral da Deputación de Pontevedra do exercicio 2026, según consta na certificación da Secretaría da Deputación de Pontevedra de data 17 de xuño de 2026.

Considerando o establecido no artigo 116 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local; nos artigos 208 a 212 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais; nos artigos 89 a 105 do Real decreto 500/90, de 20 de abril, e nas regras 44 a 51 da Orde HAP/1781/2013, de 20 de setembro, pola que se aproba a instrución do modelo normal de contabilidade local.

O Pleno, de conformidade co ditame favorable da Comisión Especial de Contas, acorda por maioría, cos votos a favor do PP, cos votos en contra do PSdeG-PSOE e coas abstencións do BNG:

1. Aprobar a Conta Xeral da Deputación de Pontevedra correspondente ó exercicio 2025, que inclúe tanto a consolidada, como a da propia Deputación de Pontevedra, a da Escola Universitaria de Enfermería, a do Consorcio Provincial de Pontevedra para a Prestación do Servizo contra incendios e salvamento, e a do Consorcio para o Servizo contra incendios e salvamento das Comarcas do Deza e Tabeirós-Terra de Montes.
2. Rendir a Conta Xeral da Deputación de Pontevedra correspondente ó exercicio 2025 así aprobada e toda a documentación que a integra ó Consello de Contas de Galicia.”

E para que conste, esténdese a presente, de orde e co visto e praxe do Ilmo. Sr. Presidente.

(Documento asinado dixitalmente á marxe)

